

# LINS EXTRAÑOS LUMIOSOS

Nas craras noites do verán  
cando saloucan os prados,  
óllanse luces bermellas  
apousadas nos valados.

Con estrelas que baixaron  
a darlles bicos ós ríos,  
e ficaram na terra  
bebendo o fresco resío.

Vermiños de prata murcha  
nas soidades escondidos  
como prediñas encendidas,  
adornando os camiños.

Vagalumes desta Terra,  
das pantasma compañeiros,  
fostes farolas das meigas  
noutros tempos devanceiros.

Vos, vermiños insignificantes  
fostes de gran axuda e valor,  
alunastes os poemas de Fole,  
axudastes no descubrimento de Colón.

E agora nestes tempos,  
cando un home inventou a electricidade  
foisevos apagando a luz, e para sempre  
caistes fundidos na vosa soidade.

Lema: Vagalume